

## BANDO INFORMATIVO SITUACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE VIANA DO BOLO

Despois de detectarse un caso positivo en COVID-19 nun traballador da Residencia de Maiores da Terceira Idade de Viana do Bolo a finais da semana pasada, por parte do Sergas veuse realizando, ó longo dos últimos días, un minucioso rastrexo en devandito Centro.

Como consecuencia, esta Alcaldía desexa informar que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Valdegodos comunicounos que, tras recibir os resultados á primeira hora da tarde do cribado mediante probas PCR realizado no día de onte, confirmáronse novos positivos en 3 traballadores e 5 residentes do Centro.

Asemade, a Residencia de Maiores informa que durante a realización dun control Interno por aparecer un positivo nun traballador, xa detectara tamén outro caso positivo nun residente, que inicialmente foi illado dentro da Residencia e que actualmente está ingresado no Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras.

Nese mesmo comunicado, infórmannos tamén, que durante ese primeiro cribado apareceron outros dous traballadores contaxiados. E indican tamén, que os tres son asintomáticos e atópanse confinados nas súas casas.

Por tanto, despois de informar destes resultados ás persoas contaxiadas e os seus familiares, queremos informar as nosas veciñas e veciños de Viana do Bolo, que **o número total de persoas contaxiadas na Residencia de maiores de Viana do Bolo, ascende a 6 residentes e 6 traballadores.**

Desde este Concello, queremos alentar e confortar, tanto aos traballadores, aos residentes e á Dirección do Centro, para que sigan tomando todas aquelas medidas de illamento e desinfección, en aras de conseguir que non aparezan novos casos.

E ás veciñas e veciños de Viana do Bolo, pregar que se implementen máis aínda as medidas de hixiene persoal e colectiva (lavado de mans con auga e xabón ou xel hidroalcohólico, e uso de máscara) así como a necesidade de manter a debida separación entre as persoas. Ademais, tamén se roga que se limiten o máximo as reunións familiares e que non se realicen reunións sociais.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Viana do Bolo, a 22 de outubro de 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.  
Asinado dixitalmente á marxe.

---

**Concello de Viana do Bolo**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

